



IES LUCUS AUGUSTI

Avda. Rodríguez Mourelo, S/N, 27002 - LUGO

Secretaría: 982 82 80 21 - Dirección: 982 82 80 23 - Fax: 982 82 80 30

Correo electrónico: ies.lucus.augusti@edu.xunta.es

Páxina web: www.ieslucus.es

Estimadas familias:

Como vostedes saben, durante o presente curso 2020-21, o/a seu/súa fillo/a estivo matriculado/a nun centro que participa na iniciativa E-Dixgal do proxecto Abalar para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, polo que dispón para o seu uso persoal dun ordenador portátil, co seu correspondente maletín, cargador e punteiro.

O vindeiro curso, incorporanse os grupos de terceiro e cuarto de ESO ao proxecto E-Dixgal e, ademais, segundo instrucións da propia Consellería, non é preciso que o alumnado de primeiro e segundo entregue os ultraportátiles durante o periodo das vacacións agás aqueles que non vaian a cursar estudos no centro o próximo curso.

O alumnado que cambie de centro deberá entregar obrigatoriamente o equipo de acordo co seguinte:

- Antes do 25 de xuño para o alumnado que supera todas as materias E-Dixgal na convocatoria de xuño.
- Antes do 7 de setembro para o alumnado con materias E-Dixgal pendentes para a convocatoria de setembro e que por tanto precisa do equipo durante o verán.

Os equipos deberán ser entregados en perfectas condicións (limpos e co seu correspondente maletín, cargador e punteiro) nas datas indicadas. As familias deberán asinar un documento de entrega facilitado polo centro.

Por outra parte, é posible que algún alumno/a teña algunha incidencia que poida ser máis ou menos leve e que non a teñamos detectada. Nestos casos, é importante, tamén, a devolución dos equipos para poder tramitar a reparación ou subsanación das deficiencias no periodo de vacacións, xa que, segundo as instrucións da Consellería de Educación, os equipos teñen que estar en perfectas condicións de funcionamento ao comezo do curso 2021-22.

Atentamente, a dirección do proxecto E-Dixgal.